



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 16 DE XUÑO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. César Aja Mariño.

D. Vicente Hermida Rodríguez.

INTERVENTORA XERAL

D^a. Rosa Abelleira Fernández.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día dezaseis de xuño de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusan a súa asistencia D. César Aja Mariño e D. Vicente Hermida Rodríguez.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE ABRIL DE 2014.**

Non existindo obxeccións á mencionada acta, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a referida acta.

**2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARCIAL DO REGULAMENTO XERAL DOS
SERVIZOS MORTUORIOS DO CONCELLO.**

Vista a proposta da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García en orde á aprobación da modificación parcial do Regulamento Xeral dos servizos mortuorios do Concello.



Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

- 1.- Aprobar, provisionalmente, a modificación parcial do Regulamento Xeral dos servizos mortuorios.
- 2.- Expoñer ó público o acordo provisional adoptado plo Pleno e o novo texto da Ordenanza por prazo de 30 días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local.
- 3.- Elevar a definitivo o acordo mencionado de non presentarensen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 49 da citada LBRL.
- 4.- A referida Ordenanza aprobada entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

3.- ESCRITO DE ESQUERDA UNIDA PARA INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA PARA A CELEBRACIÓN DUN REFERENDO NO QUE A CIDADANÍA ESPAÑOLA ELIXA LIBREMENTE SOBRE O MODELO DE ESTADO E DECIDA ENTRE MONARQUÍA E REPÚBLICA.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para sinalar que por parte de Esquerda Unida se presentou na Alcaldía unha moción que vai presentar, procedendo á súa lectura íntegra. En dita moción sinalábase que a abdicación do Rei mostra a necesidade cada vez máis perentoria de propiciar un cambio profundo que favoreza a rexeneración política do Estado, sendo a abdicación unha consecuencia da deterioración da Coroa e da decadencia do bipartidismo que foi o soporte do sistema monárquico. Que o artigo 57.5 da Constitución establece que as abdicacións teñen que regularse mediante lei orgánica, e que tal aínda non se promulgou, pero aínda así o actual monarca xa manifestou a súa decisión de abdicar en favor do seu fillo. Sinalábase así mesmo que o momento elixido ten un contexto no que a cidadanía quere participar activamente na toma das decisións que lle afectan, considerando imprescindible que a cidadanía se manifeste nesta ocasión sobre o modelo político do que quere dotarse e se poña en marcha un referendo no que o pobo decida se quere manter a forma monárquica ou pola contra, opta polo modelo republicano no que a Xefatura do Estado sexa elixida mediante sufraxio universal, libre, segredo e directo pola totalidade da cidadanía, sendo este último modelo o defendido por Esquerda Unida como parte da súa aposta pola rexeneración democrática e un verdadeiro proceso constituínte, proponendo que o Pleno do Concello inste ó Goberno de España a convocar a celebración dun referendo no que a cidadanía española elixa libremente sobre o modelo de Estado e decida entre monarquía e república.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, manifestando que na orde do día se incluía este punto referíndose a un escrito de E.U., entendendo que non se trata dunha moción, polo que non se podería entrar a debater.



Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para indicar que se tratará dun erro, pois o escrito de E.U. encabézase como moción e dende a Alcaldía sinalouse que fora unha moción presentada na Alcaldía que se asumía e se traía ó Pleno, polo que pregunta á Secretaria Municipal sobre a procedencia do debate.

Intervén a Secretaria Municipal, D^a. M^a Luz Balsa Rábade, para sinalar que figurando na orde do día e entregado como documentación para o presente pleno, enténdese que se trata dun erro na convocatoria, cualificando como “escrito” o que na documentación figura como “moción”, que foi asumida pola Alcaldía en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E. ó incluíla no presente pleno, engadindo que para ser debatida como moción no Pleno da Corporación debe ser asumida por algún grupo con representación no Concello, sendo éste o que a presente ó Pleno como tal.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para sinalar que, como alcaldesa e en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E. admite a moción como propia, o que xa realizou ó traela ó Pleno da Corporación.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que ó asumila o grupo do P.S.O.E. procede ó seu debate, indicando que a moción contén manifestacións que son falsedades e interpretacións erróneas da legalidade. Sinala que o acordo que se pide é ilegal, xa que a constitución en as súas normas e establece os mecanismos para a súa modificación, dicindo que a democracia non é só ir a votar, aínda que iso é esencial, pero tamén é esencial igualmente o respecto ás normas, e as normas hai que cumprilas, polo que o referendo que se plantexa é manifestamente ilegal.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que o referendo está contemplado na propia Constitución, procedendo á lectura dunhas palabras a modo de exposición de motivos sobre o asunto do propio P.S.O.E. de Viveiro, anunciando que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo vai votar a favor. Indica que como é sabido están a favor do dereito a decidir dos pobos e elixir libre e democráticamente o seu futuro e polo tanto que estado se quere, entenden. Dille ó Grupo do P.P. que ó dicir “falsedades erróneas” se nega dúas veces convirte a negación en positivo, engadindo que non sabe que é o erróneo, xa que este modelo foi herdado do caudillo, e que a cidadanía é a que a manda e non sabe o seu grupo que medo pode haber a que o pobo elixa como en calquer elección. Di que as normas ponas o goberno, polo que se o goberno quere modificar a constitución pode facerse, igual que se modificou xa de noite para outras cousas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo vai absterse, porque pode solicitarse a pretensión que se pide, pero non se vai levar a cabo, porque hai consenso no Parlamento. Indica que tamén se pode suprimir o Senado que non pinta nada, pero interesa ós grandes partidos. Di que non creen que sexa o momento nin a forma porque agora hai cousas máis importantes, como son por exemplo a sanidade, polo que de suprimir algo xa se podía empezar polo Senado (que custa moito diñeiro e non serve para nada). Engade que a democracia está ben no papel pero non todos somos iguais como día a Constitución.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela indicando que non se pode facer un referendo, que non di o seu grupo, senón que o di o Tribunal Constitucional. Afirma que a Constitución pode cambiarse pero habería que ir polos artigos 167 e 168 e di que lle



chama a atención o grupo do P.S.O.E., non o do B.N.G. (que xa o pediu sempre). Indica que votan diferente aquí que en Madrid, e que o procedemento de reforma da Constitución estableceuno a democracia no ano 1978.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García dicindo que o artigo 92.1 da Constitución di que poden someterse a referendun, que están a favor do referendun dentro do marco legal.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., Bernardo Fraga Galdo para dicir que o goberno fai a lei e igual que se pode modificar a Constitución de noite para outras cousas tamén se pode facer para isto. Dille ó Grupo do i.V.i. que ó non ser nunca o momento nunca se fai isto, porque sempre vai haber outras cousas prioritarias.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que non é o momento porque non vai suceder o que se pide, e indica que tamén se puido ter solicitado hai seis meses, xa que agora estase aproveitando unha coxuntura como é a abdicación, insistindo que se podían suprimir tamén outras cousas e mirar como se ía establecer isto.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para dicir que o P.S.O.E. xa se manifestou no Parlamento nunha posición clara, pero según o momento pesoulle máis o interese do Estado en Madrid e por iso votou a favor,

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que a interpretación que vale é a do Tribunal Constitucional, indicando que se lean as sentenzas e logo se comente.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á súa votación, acordándose con 8 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e B.N.G., 5 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. e 2 abstencións, correspondentes ó grupo do i.V.I., a adopción do seguinte acordo proposto por Esquerda Unida nunha moción asumida pola Alcaldía en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E.:

Instar ó Goberno de España a convocar a celebración dun referéndum no que a cidadanía española elixa libremente sobre o modelo de Estado e decida entre monarquía e república.

4.- MOCIÓN DO BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para darlle á palabra ó Grupo Municipal do B.N.G. ós efectos da exposición da moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir, respecto ó debate anterior, que lle pide a D. Jaime de Olano que non se rasgue as vestiduras porque o P.P. en moitas ocasións vota cousas diferentes en Viveiro, Madrid, ou no Parlamento Galego, e procede á lectura da exposición de motivos da moción presentada, na que se indicaba que se deu a coñecer a abdicación do Rei, e que a monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime “vitalicio” e “hereditario”, establecido “pola graza de Deus” e que supuxo, no caso español, a continuidade do franquismo. Que nestes momentos existe unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción deixando en evidencia o seu papel de simples vivi-



dores a custa da cidadanía, non valéndolle ó B.N.G. a simple mudanza de caras que dean continuidade ó réxime unitario e centralista deseñado na transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. Que a cidadanía galega o que precisa é liberdade para decidir, e no espazo democrático onde se garanta o dereito á autodeterminación dos pobos non ten cabida ningún rei, xulgando importante o inicio dun proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos. Que nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua a capacidade de Galiza para decidir sobre sí e sobre o seu futuro, sendo a monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo, solicitando que se adopte o acordo de instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do estado español o inicio dun proceso constituínte que permita superar o actual marco constitucional incluíndo a participación popular na reformulación do modelo de estado, con garantías no social e democrático e onde as nacións sezan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español, recoñecendo o noso dereito a decidir.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que se trata dunha moción do B.N.G. en estado puro. Sinala que non se trata dun réxime anacrónico, porque o foi o réxime que se quixo no ano 1978, por unha ampla maioría, co 88% de votos favorables, polo que non se trata dun réxime “pola graza de Deus”, senón pola democracia. Di que os referendos de Cuba ou Corea do Norte non sabe o democráticos que serán, e que o seu grupo prefere que España se pareza máis a Noruega ou Dinamarca, que son monarquías e non repúblicas, xa que o importante é que sexan democráticas. Indica que o B.N.G. tacha a monarquía como vividores a custa da cidadanía, pero que as repúblicas saen máis caras que as monarquías, tal e como amosan moitos datos dos custes de repúblicas coñecidas, aínda que en casos como o de Cuba, como é secreto de Estado, non se pode coñecer o gasto. Apunta que o CIS sitúa a coroa no punto 29 dos problemas que preocupan ós españois, e que as encuestas recentes din que se valora positivamente, e que o 64% da poboación opina que a república non solucionaría os problemas existentes. Respecto a Viveiro dille ó portavoz do B.N.G. que os que piden a república non serán os que se xuntaron na Fontenova. Apunta así mesmo que un Estado con Comunidades Autónomas se o consideran centralista son unha especie “a extinguir”, xa que hai máis descentralización que nos Estados Federais. Indica que o B.N.G. cumpre na súa moción máis a legalidade que o que pedía o P.S.O.E., xa que este sería o procedemento seguindo o artigo 168 da Constitución, non pedindo ilegalidades, pero di que cada vez o piden con menos éxito, tal e como demostra cando van ás urnas. Engade que no ano 1978 se decidiu o que España quería ser, e o democrático é respetar a decisión da inmensa maioría.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que esta moción non é igual á de Esquerda Unida, asumida polo Grupo Municipal do P.S.O.E., discrepando o seu grupo en parte. Indica que sí hai monarquías democráticas, e que a vocación estatal e autonómica sí é compatible, considerando un esceso dicir que a monarquía é a continuidade do franquismo, xa que se conviviu con ela pacíficamente durante 25 anos. Di que o P.S.O.E. ten vocación estatal e que votarán a favor si se elimina a última liña do acordo que se propón, onde se refire ó dereito á autodeterminación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que non varía nada.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que os datos poden usarse como se queira, e que os datos do ano 1978 posiblemente son sexan igual que os de agora. Apunta que respecto á autodeterminación o seu grupo está en contra, defendendo un Esta-



do único e unido, e que por ese motivo votarán en contra, xa que o resto da moción considéranla igual á de Esquerda Unida.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que se alegra de que o i.V.i. sexa tan claro na súa posición política e que o P.S.O.E marque a súa posición respecto a Cataluña. Engade que lle pide ó Sr. D. Jaime de Olano que retire o dito como “especie a extinguir”. Di que para o seu grupo Galiza é unha nación e traballan nesa liña. Consideran a monarquía como anacrónica, e apuntan a que no referendo da Constitución votou o 67% da poboación. Engade que está claro que a coroa son uns vividores á custa da cidadanía. Di que non coñece como funciona Corea do Norte polo que esa non é a súa referencia. Engade que o declive da coroa cada vez é maior e que se tan claro está que a maioría está de acordo con este modelo non habería problema para facer unha votación, e o B.N.G. respetaría o resultado. Remata dicindo que á súa convocatoria en Viveiro foi a xente que foi, e que parece que se persigue para saber o que convoca.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que retira o de “especie a extinguir”, e que cando o dixo todos o entenderon e souberon a que se refería, pero que o retira, e o cambia por “rara avis”. Dille ó Grupo Municipal do B.N.G. que teñen a pel fina para recibir a crítica pero a lingua moi larga. Di que Corea do Norte é unha república comunista e pregúntalle ó Grupo do B.N.G. ata cando respetarían os resultados que saíran do referendo e cantos habería que facer ó ano. Apunta así mesmo que o P.S.O.E vota a favor do referendo ilegal e en contra desta moción que sí sería legal, xustificando o P.S.O.E que en Madrid se votou a favor pensando no Estado, pero en Galicia con Besteiro e Loureiro votan outra cousa.

Intervén a Sra. Alcadesa, D^a. María Loureiro García para dicirlle ó Grupo do P.P. que non se congratulen que tamén teñen os seus problemas, á vista o resultado nas últimas eleccións.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que non se pide que se repitan referendos cada pouco, sinalando que no referendo do 78 a maioría dos presentes non votaron e non habería problema para volver a votar agora. Pon como exemplo Canadá onde se votou e saíu non á autodeterminación, respetando as dúas partes o resultado, así como en Suíza, onde se votan cousas constantemente en referendo, pero o modelo de Estado do Grupo do P.P. é gañar as eleccións e pasar a apisonadora, aclarando que cando se falaban dun modelo de Estado “pola graza de Deus” se referían á herdanza recibida.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela pra dicir que case ninguén dos que presentes votou a Constitución, pero tampouco se votou o Código Civil, e máis cúmprese, polo que segue preguntándose cada canto tempo habería que renovar votos, porque o grupo do B.N.G. di cando queira a cidadanía, e segue preguntándose quen é a cidadanía porque os grupos maioritarios non queren, sinalando que ó B.N.G. o que votan as maiorías non o respetan, dicindo que é máis democrático o rodillo dos elexidos, engadindo que en España non se pode votar porque non o permiten as normas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se empezou a falar dun tema importante, a autodeterminación que propoñía o B.N.G., do que non se mencionou nada, engadindo que para modificar a Constitución hai que ter unha maioría que non hai e polo tanto non se pode modificar, estando a perder o tempo neste debate.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo respeta a democracia e a opinión da maioría, e que de non ser así non estarían nas institucións, estando satisfeitos de ser “rara avis”.

Non existindo máis debate procédese á votación da moción presentada polo B.N.G. non aprobándose a mesma con 12 votos en contra correspondentes ós grupos do P.S.O.E., P.P. e i.V.i. e 3 votos a favor correspondentes ó grupo do B.N.G.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:00 horas do día 16 de xuño de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.